

### Orde do Día Proposta da sesión /XGL 23/2018

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Dna. María Rozas Pérez  
D. Jorge Carlos Duarte Vázquez  
Dna. Branca Petra Novo Rey  
Dna. Concepción Fernández Fernández  
D. Xan Xesús Duro Fernández  
D. Manuel Dios Diz  
Dna. Marta Irene Lois González  
D. Rafael Peña Vidal

Ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar o día **23 de marzo de 2018**, ás **09:30 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

#### ORDE DO DÍA

1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para reforma e rehabilitación do inmovble situado na rúa Nova nº 44. LAP/178/2017.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción de edificación auxiliar con uso complementario á edificación principal sita na rúa das Hortas nº 28. LIC/1189/2017.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á

Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación dun ascensor na rúa Alfredo Brañas nº 19. LIC/818/2017.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ampliación do prazo de execución de diversas actuacións dos programas de fomento do parque público de vivenda en alugueiro, e da rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal 2013-2016

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao inicio dun expediente por incumprimento de contrato para execución das obras de mellora de seguridade vial na rúa Cañoteira (Plan DTC 93 adicional 1/2014, 2ª Fase).


6.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das obras de ampliación vial Cañoteira-Outeiro de Marrozos 1ª fase (PAS-OBRASSUM/2015).

7.- IIVTNU (Plusvalía): Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

8.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde da resolución pola Xunta de Galicia do procedemento de regularización anual derivado das incidencias de exercizos anteriores ao ano 2016, detectadas na prestación de horas de axudas no fogar a persoas en situación de dependencia.

9.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde da resolución de asignación de transferencias finalistas correntes para o financiamento dos servizos sociais comunitarios do concello de Santiago, ano 2017.

10.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde do aboamento pola fundación "La Caixa", en



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

concepto do programa de apoio social e intervención en colectivos vulnerables, e adecuación de 4 vivendas sociais de saída para persoas sen fogar.

11.- Dar conta polo concelleiro delegado de Educación e Cidadanía do Plan concertado de Servizos Sociais: Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais: Escolas infantís municipais 2017.

12.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

13.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018

**O Alcalde**

**Asdo:Martiño Noriega Sánchez**